



Concello de Moaña

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

O deporte constitúe un pilar fundamental para a saúde e o benestar físico e psicolóxico da cidadanía. A práctica deportiva contribúe a mellorar a autoestima, o coñecemento do propio corpo e a consolidación de hábitos de vida saudables e ao mesmo tempo, supón un medio idóneo para o desenvolvemento integral da personalidade, favorecendo valores como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a confianza persoal.

O Concello de Moaña promove activamente a práctica deportiva e apoia o traballo das diferentes entidades que conforman o tecido deportivo local. Estas entidades precisan dispoñer de equipamentos e materiais axeitados que lles permitan desenvolver a súa modalidade ou especialidade nas mellores condicións posibles. Con todo, é frecuente que as entidades deportivas atopen dificultades para renovar ou actualizar o seu material, o que condiciona o axeitado desempeño da actividade deportiva.

Dito o anterior, resulta necesario establecer mecanismos de apoio que lles faciliten o acceso ao equipamento deportivo imprescindible para garantir unha práctica deportiva segura, moderna e de calidade.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.I), atribúe aos municipios a competencia propia en materia de promoción do deporte, das instalacións deportivas e das actividades de ocio. Pola súa banda, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1, establece que os concellos exercerán competencias para fomentar, promover e difundir o deporte, con especial atención ao deporte en idade escolar.

En virtude do anterior, o Concello de Moaña impulsa unha nova convocatoria de subvencións dirixida ás entidades deportivas do municipio, destinada á adquisición de equipamento necesario para o desenvolvemento das distintas disciplinas deportivas. Trátase dunha liña de apoio que se vén convocando nos últimos anos e que ten como finalidade reforzar a actividade das entidades e contribuír á mellora da calidade do deporte local.

Para o exercicio 2026 establécese un crédito máximo de 5.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria 3410 78017 “Subvención a entidades deportivas” do Orzamento municipal do Concello de Moaña para o ano 2026.

A concesión destas subvencións rexeráse polos principios de publicidade, concorrência e obxectividade. As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión e establecer o marco normativo que rexerá esta convocatoria.

Base 1ª. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento e os criterios de concesión das subvencións convocadas pola Concellería de Deportes do Concello de Moaña para a adquisición de equipamento deportivo realizado ao longo do ano 2026. A tramitación e resolución destas axudas axustarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Así mesmo, preténdese garantir unha asignación eficiente dos recursos públicos e favorecer a súa adecuada distribución, apoiando aquelas actuacións que complementen ou suplan as de competencia municipal no ámbito deportivo.





Concello de Moaña

Base 2ª. Réxime xurídico

- 1.- O procedemento de concesión das presentes subvencións axustarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. Resultarán igualmente de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei. Ademais, rexeranse polas bases de execución do Orzamento municipal do Concello de Moaña para o exercicio 2026 e polo resto da normativa que resulte de aplicación en materia subvencionable.
- 2.- O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Base 3ª. Entidades beneficiarias

- 1.- Poderán acadar a condición de entidades beneficiarias das axudas previstas nestas bases as asociacións e clubs deportivos que desenvolvan a súa actividade no municipio de Moaña, sempre que se atopen debidamente constituídos e legalizados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Estar inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña.
 - b) Non incorrer en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c) Acreditar que se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Moaña.
- 2.- De conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e salvo manifestación expresa en contra por parte da entidade interesada ou cando a normativa específica esixa o seu consentimento expreso, entenderase prestado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte, por medios electrónicos ou por outros medios válidos, aqueles datos necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. En particular, poderanse consultar os datos relativos á inscrición da entidade no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña, así como a súa situación respecto do cumprimento das obrigas tributarias co propio Concello.

Base 4ª. Equipamentos deportivos subvencionables

Só serán subvencionables os gastos destinados á **adquisición de equipamentos deportivos inventariables**, sempre que o devandito material incorpore o logotipo oficial do Concello de Moaña e se destine á participación en competicións deportivas oficiais ou á realización de adestramentos. Unicamente se admitirán aqueles bens adquiridos durante o exercicio 2026.

Base 5ª. Importe da axuda

Será subvencionable como máximo o 50 % do gasto presentado por cada entidade. O importe da axuda non poderá exceder os 1.000,00 € por entidade beneficiaria. Non obstante, no suposto de que o crédito dispoñible na partida orzamentaria non se esgote, o remanente repartirase proporcionalmente entre as entidades beneficiarias, en función da puntuación acadada nos criterios de valoración, podendo neste caso superarse o límite de 1.000,00 €, sen que en ningún caso se poida superar o límite máximo do 50 % do gasto subvencionable.





Concello de Moaña

Base 6ª. Compatibilidade e acumulación de axudas

As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga da entidade beneficiaria de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras achegas concorrentes.

O importe total da axuda non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo final xustificado do investimento para o cal se concedeu. No caso de superar o custo final xustificado, minorarase a axuda regulada nesta resolución na contía que exceda o custo final xustificado.

Base 7ª. Financiamento

As axudas reguladas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria **3410 78017** do orzamento municipal do Concello de Moaña para o exercicio 2026, que conta cunha consignación total de **5.000 €**.

Base 8ª. Solicitudes e prazo de presentación

1.-Prazo de presentación e modelo de solicitude

As solicitudes presentaranse nun prazo de **dez (10) días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes deberán presentarse debidamente cubertas e asinadas electronicamente polas entidades interesadas, empregando exclusivamente os modelos oficiais aprobados xunto con estas bases. Os devanditos modelos estarán dispoñibles no Catálogo de Trámites da sede electrónica do Concello de Moaña, accesible a través da ligazón: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>, así como na páxina web institucional: <https://concellodemoaana.org>

2.-Formas de presentación da solicitude

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Moaña, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase que o emende mediante presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base 8ª.1. Neste caso, será obrigatorio a sinatura de persoa xurídica.

Consonte o establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia **no prazo de dez (10) días hábiles**, contados dende o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por





Concello de Moaña

desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Para o caso das persoas xurídicas, as notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Moaña enviándose o correspondente aviso á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

3.-Documentación acreditativa

Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación obrigatoria:

- Solicitude segundo o modelo oficial cuberto (modelo Anexo I) xunto con orzamento ou factura do gasto.
- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.
- Fotocopia do DNI do/a Presidente/a da entidade.
- Certificado actualizado de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia con identificación de cargos representativos.
- Certificado orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Documento acreditativo da inscrición no rexistro municipal de asociacións.

O Concello de Moaña xestionará de oficio a emisión deste documento nos termos previstos no art. 28 da LPAC.

- Anexo II.

Documentación acreditativa dos méritos deportivos:

- Certificacións xustificativas dos méritos alegados na memoria xustificativa segundo a Base 13ª desta convocatoria:
 - Certificado da Federación Galega de participación nas categorías absolutas e previa á absoluta en competicións oficiais de ámbito internacional, estatal, autonómico e /ou provincial durante a tempada deportiva 2024/2025 ou no ano 2025, en función da modalidade deportiva.
 - Certificado da Federación Galega dos logros deportivos obtidos pola entidade nas categorías absoluta e previa á absoluta durante a tempada deportiva 2024/2025 ou no ano 2025, en función da modalidade deportiva.
 - No caso de deportes individuais, certificación dos logros dos deportistas que teñan licenza federativa na entidade.
 - Certificado do recoñecemento vixente como deportista galego de alto nivel ou deportista de alto nivel.
 - Certificado das licenzas do club da tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025, en función da modalidade deportiva, asinado polo/a Secretario/a e polo/a Presidente/a. Deberá indicarse: as que corresponden a deportistas, a persoal adestrador, a persoal delegado e a persoal técnico, e desagregarse todas elas por sexo.
 - Certificado asinado polo/a Secretario/a e polo/a Presidente/a das licenzas do club de deporte adaptado da tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025, en función da modalidade deportiva.
- Facturas e xustificantes de pago dos custes derivados das instalacións que utilizan (no seu caso, a valorar no apartado E da Base 13ª)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

- Declaración responsable asinada polo/a Secretario/a e o/a Presidente/a da entidade solicitante (modelo Anexo III) que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:
 - 1.- *Que coñece e acepta as bases da convocatoria.*
 - 2.- *Que a entidade solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.*
 - 3.- *Que a entidade solicitante non está incurso nas prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento.*
 - 4.- *Que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS) e co Concello de Moaña.*
 - 5.- *Que a entidade solicitante se compromete á comunicación de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro destas bases, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos para os mesmos equipamentos solicitados ao abeiro desta resolución e o compromiso de comunicar cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.*

Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixíse no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Base 9ª. Prazo de duración do procedemento de concesión

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a **3 meses**, contado a partir do día seguinte ao do remate da presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as/os interesadas/os poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 10ª. Órgano competente

A Xunta de Goberno Local do Concello de Moaña será o órgano competente para a concesión da subvención.

Base 11ª. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Departamento de Deportes, no cal se comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de **dez (10) días hábiles** emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixera, se





Concello de Moaña

considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

No caso de dúbida interpretativa respecto á contía ou respecto á condición de beneficiario da axuda por parte do solicitante, será o órgano competente quen decida.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderase requirir a entidade solicitante para que xunte cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

As notificacións dos requirimentos e resolucións administrativas efectuaranse mediante a comunicación electrónica.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración.

Base 12ª. Comisión de valoración

1.-A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións ás entidades interesadas.

2.-A comisión de valoración estará composta por:

– Presidencia:

A persoa concelleira de Deportes.

– Vogais:

- A persoa concelleira delegada de Ensino, Normalización Lingüística, Medio Ambiente e Mobilidade.

- A persoa concelleira delegada de Mocidade, Infancia e Voluntariado.

- Secretaria: unha persoa empregada do Departamento de Deportes designada pola presidencia.

Base 13ª. Criterios de valoración

A proposta de outorgamento da subvención será formulada pola comisión unha vez aplicados os seguintes criterios de valoración:

A) Equipamento deportivo (incluído no Anexo II): máximo 20 puntos.

1) Equipamento de competición oficial e de adestramento específico: 20 puntos.

2) Equipamento de adestramento non específico: 10 puntos.

3) Vehículos, carros e remolques para o transporte de elementos de competición oficial e de adestramento específico: 10 puntos.

No caso de solicitudes que conteñan varios equipamentos do mesmo tipo, soamente recibirán a puntuación por un deles.

B) Méritos deportivos da entidade (xustificados mediante certificación da Federación galega ou recoñecementos vixentes): ata 55 puntos.

Na valoración deste criterio, terase en consideración:

1) Estrutura deportiva: valorarase a participación nas categorías absolutas e previa á absoluta (é a categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva anterior á categoría absoluta) en competicións oficiais, no ano anterior á convocatoria (2025):





Concello de Moaña

- Ámbito internacional: 20 puntos.
- Ámbito estatal: 15 puntos.
- Ámbito autonómico: 10 puntos.
- Ámbito local ou provincial: 5 puntos.

Neste criterio, soamente se terá en consideración o ámbito principal de actuación de maior importancia e que se desenvolva polo formato de liga ou similar.

Presentarase: Certificado da Federación Galega de participación nas categorías absolutas e previa á absoluta en competicións oficiais de ámbito internacional, estatal, autonómico e /ou provincial durante a tempada deportiva 2024/2025 ou no ano 2025, en función da modalidade deportiva.

2) Logros deportivos : valorarase a obtención de determinados resultados nas categorías absolutas e previa á absoluta (é a categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva anterior á categoría absoluta) en competicións oficiais, no ano anterior á convocatoria. No caso dos deportes individuais, valoraranse os logros dos deportistas que teñan licenza federativa polo club que presenta a solicitude.

a) Deportes colectivos:

a.1) (Escoller só unha opción)

- Campionato de España de clubs: 20 puntos.
- Subcampionato de España de clubs: 18 puntos.
- Campionato galego de clubs: 15 puntos.
- Subcampionato de galego de clubs: 13 puntos.

a.2) (Escoller só unha opción)

- Campionato do mundo de clubs: 10 puntos.
- Subcampionato do mundo de clubs: 8 puntos.
- Campionato europeo de clubs: 5 puntos.
- Subcampionato europeo de clubs: 3 puntos.

b) Deportes individuais:

b.1) (Escoller só unha opción)

- Campionato de España: 20 puntos.
- Subcampionato de España: 18 puntos.
- Campionato galego: 15 puntos.
- Subcampionato galego: 13 puntos.

b.2) (Escoller só unha opción)

- Campionato do mundo: 10 puntos.
- Subcampionato do mundo: 8 puntos.
- Campionato europeo: 5 puntos.
- Subcampionato de europeo: 3 puntos.

Presentarase: certificado da Federación Galega dos logros deportivos obtidos pola entidade nas categorías absoluta e previa á absoluta durante a tempada deportiva 2024/2025 ou no ano 2025, en función da modalidade deportiva.

- No caso de deportes individuais, certificación dos logros dos deportistas que teñan licenza federativa na entidade.

3) Número de deportistas da entidade con recoñecemento vixente como deportista galego de alto nivel ou deportista de alto nivel, na data de publicación da convocatoria: 1 punto por deportista, ata un máximo de 5 puntos.

Presentarase: certificado do recoñecemento vixente como deportista galego de alto nivel ou deportista de alto nivel.

Concello de Moaña





Concello de Moaña

C) Apoio á non discriminación: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con licenza federativa de ambos os sexos (xustificado mediante certificación da entidade):

- Ter unha porcentaxe entre o 40-50% de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 20 puntos.
- Ter unha porcentaxe entre o 20-39 % de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 15 puntos.
- Ter unha porcentaxe inferior ao 20 % de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 10 puntos.

Presentarase: certificado das licenzas do club da tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025, en función da modalidade deportiva, asinado polo/a Secretario/a e polo/a Presidente/a. Deberá indicarse: as que corresponden a deportistas, a persoal adestrador, a persoal delegado e a persoal técnico, e desagregarse todas elas por sexo.

D) Apoio ao deporte adaptado: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con licenza federativa de deporte adaptado (xustificado mediante certificación da entidade):

Número de deportistas da entidade con licenza federativa de deporte adaptado na data de publicación da convocatoria: 1 punto por deportista, ata un máximo de 5 puntos.

Presentarase: certificado asinado polo/a Secretario/a e polo/a Presidente/a das licenzas do club de deporte adaptado da tempada deportiva 2024/2025 ou do ano 2025, en función da modalidade deportiva.

Non se valorará a puntuación daqueles apartados nos que non se acredite certificado correspondente.

E) Entidades deportivas que asuman os custes derivados das instalacións que utilizan: 20 puntos.

Aquelas entidades deportivas que asuman os custes de mantemento das instalacións nas que desenvolvan a súa actividade, deberán de acreditar mediante a correspondente documentación xustificativa esta circunstancia (xustificado mediante facturas e xustificantes de pagamento).

Base 14ª. Proposta de resolución

1.- Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión elaborará unha relación dos expedientes ordenada por orde de prelación entre as solicitudes presentadas de maior a menor puntuación en aplicación dos criterios de baremación establecidos no artigo anterior, e remitirá unha proposta de resolución á Xunta de Goberno Local que inclúa aquelas entidades beneficiarias ata o esgotamento do crédito orzamentario consignado.

2.- No caso de producirse empate entre as entidades solicitantes que reúnan os requisitos valorarase, para o seu desempate, o criterio da liña A) e, se persiste o empate, o criterio B) e así sucesivamente.

3.- A proposta de resolución expresará de forma motivada a relación de asociacións e clubs deportivos para os cales se propón a concesión da axuda, coa identificación da persoa beneficiaria, puntuación obtida no proceso de baremación, importe da axuda proposta e equipamento subvencionado.

De ser o caso, contará cunha relación de entidades beneficiarias admitidas que non acadaron a subvención polo esgotamento do orzamento dispoñible, que conformarán a lista de espera. O órgano xestor poderá acordar activar a lista de espera no suposto de que algunha entidade





Concello de Moaña

beneficiaria renuncie á subvención concedida ou decaia no dereito á súa percepción; neste caso, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación ás entidades beneficiarias admitidas que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto.

4.- A proposta de resolución expresará tamén, de forma motivada, a relación de entidades beneficiarias para as cales se propón a denegación, inadmisión ou desistencia da solicitude presentada.

Base 15ª. Resolución

1.- O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que en caso de dúbida interpretativa respecto do dereito á percepción da axuda, será o órgano competente quen decida, previa solicitude dos informes oportunos.

A resolución de concesión emitírase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3.- A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias. Asemade, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Moaña a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.- As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

5.- Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Base 16ª. Réxime de recursos

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non fora expresa, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido ditada.

b) Recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.





Concello de Moaña

Base 17ª. Renuncia

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A persoa titular da Alcaldía ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

Base 18ª. Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas da beneficiaria:

1ª. Cumprir o obxectivo que fundamenta a concesión da subvención.

2ª. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a adquisición do equipamento deportivo e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3ª. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4ª. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas de minimis obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fan referencia estas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

5ª. Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6ª. Manter os investimentos subvencionados coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de dous anos desde a súa concesión.

7ª. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8ª. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

9ª. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

10ª. Outorgar premios, trofeos ou outros recoñecementos nas mesmas condicións, categorías e contías aos practicantes de ambos os sexos nas competicións e eventos que organicen nos dous anos seguintes a data de concesión da axuda.

11ª. Deixar constancia do financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional no equipamento subvencionado.





Concello de Moaña

12º. Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

Base 19ª. Obrigas específicas de publicidade

As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. As entidades beneficiarias das axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos equipamentos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Concellería de Deportes do Concello de Moaña.

Base 20ª. Xustificación da subvención

1.- Os beneficiarios da subvención deberán presentar a documentación xustificativa dos gastos que lle foron subvencionados do xeito indicado nesta base.

2.- As persoas beneficiarias deberán xustificar a subvención concedida no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do seguinte á recepción da notificación da concesión da axuda.

3.- A xustificación realizarase no modelo do Anexo IV e conterá:

a) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

De haber outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse unha relación detallada de tales ingresos ou subvencións, con indicación do importe e da súa procedencia.

b) Relación clasificada de gastos e facturas xustificativas dos investimentos realizados dentro do ano 2026, coa xustificación dos pagamentos.

Os investimentos xustificaranse con facturas expedidas con tódolos requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Ademais as facturas estarán datadas no período subvencionable e deberá presentarse xustificación documental que acredite o pago a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o número de factura obxecto do pagamento e a data deste. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

c) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA), e fronte á Seguridade Social (TGSS), en vigor.

O Concello de Moaña comprobará de oficio se o solicitante se atopa o corrente con esta Administración Local mediante verificación ao respecto efectuada polos servizos da Tesoureira do concello de cuxo resultado se incorporará acreditación documental no expediente (informe do servizo), segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Constancia, mediante fotografías, da publicidade da Concellería de deportes do Concello de Moaña nos equipamentos obxecto desta subvención.





Concello de Moaña

O pago da subvención efectuarase unha vez cumpridos os requisitos de xustificación da subvención mediante transferencia bancaria na conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria da subvención.

No caso de que, finalmente, o importe xustificado sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

Se a xustificación presentada non reúne os requisitos necesarios, estarase ao disposto nos parágrafos 2 e 3 do artigo 73 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non presentar xustificación ningunha dentro do prazo, declararase á persoa interesada decaída no seu dereito.

4.-O Concello poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5.-A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Base 21ª. Pagamento

1.-Unha vez recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do Concello, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2.-O libramento da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario e na cal debe figurar como titular a entidade beneficiaria da axuda.

3.-As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Base 22ª. Incumprimento, reintegros e sancións

1.-Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Procederá o reintegro parcial da axuda concedida cando, ao non cumprir a obriga de manter o investimento durante dous anos, se aproxime de maneira significativa a ela, entendendo como tal ter mantido o investimento durante, polo menos, dezaoito meses e que a persoa beneficiaria acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos. A contía que se reintegrará será proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos dous anos.

2.-O procedemento para declarar a procedencia da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3.-As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

Base 23ª. Control

1.-O Concello poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2.-A parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral do Concello, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Base 24ª. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. E no resto da normativa que resulte de aplicación.

Base 25ª. Tratamento dos datos

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

Cod. Validación: TDxOEYOASPCRLXL3E7WS9TRR7
Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 20





Concello de Moaña

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS ANO 2026

A.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL.....
CIF.....
ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....

B.- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

APELIDOS.....
NOME.....NIF.....
CARGO QUE DESEMPEÑA NA ENTIDADE SOLICITANTE.....

C.- IMPORTE DA AXUDA QUE SOLICITA:

- 1.-Importe total do equipamento obxecto de subvención
2.-Importe de la axuda solicitada ao Concello de Moaña.

	€
	€

(50% do **importe total** cun máximo de 1.000 €)

D.- DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (BASE 8ª):

- Orzamento ou factura do **importe total** do equipamento obxecto de subvención (acompañando a este Anexo I).
- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.
- Fotocopia do DNI do/a Presidente/a da entidade.
- Certificado emitido polo/a Secretario/a da entidade, coa conformidade de quen ostente a representación da entidade, onde conste a composición da xunta directiva.
- Certificado orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Anexo II.
- Certificacións xustificativas dos méritos alegados na memoria xustificativa segundo a Base 13ª desta convocatoria.
- Facturas e xustificantes de pago dos custes derivados das instalacións que utilizan (no seu caso, a valorar no apartado E da Base 13ª).
- Declaración responsable (modelo Anexo III).

....., de de 20.....

Sinatura:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

ANEXO II

Coa finalidade de facilitar o proceso de avaliación de cada solicitude, marque en cada apartado o que proceda segundo os criterios avaliábles definidos na base 13ª da presente convocatoria. Deberán de **achegar** tamén **os certificados** correspondentes nos que se reflexe que todos os datos relativos aos apartados A, B1, B2, C e D son correctos, e sobre o apartado B3 deberán achegar os recoñecementos vixentes como deportista galego de alto nivel ou deportista de alto nivel.

A) Equipamento deportivo: máximo 20 puntos. (marque o que proceda a respecto do material que solicita)

☐ 1) Equipamento de competición oficial e de adestramento específico: 20 puntos. (Engada unha breve xustificación da tipoloxía do material).

☐ 2) Equipamento de adestramento non específico: 10 puntos.

☐ 3) Vehículos, carros e remolques para o transporte de elementos de competición oficial e de adestramento específico: 10 puntos.

Descrición do equipamento deportivo solicitado (en concordancia co orzamento ou factura presentadas):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

B) Méritos deportivos da entidade (xustificados mediante certificación da Federación galega ou recoñecementos vixentes): ata 55 puntos. (marque en cada categoría o que proceda)

Na valoración deste criterio, terase en consideración:

1) Estrutura deportiva: valorarase a participación nas categorías absolutas e previa á absoluta (é a categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva anterior á categoría absoluta) en competicións oficiais, no ano anterior á convocatoria (2021):

☐ – Ámbito internacional: 20 puntos.

☐ – Ámbito estatal: 15 puntos.

☐ – Ámbito autonómico: 10 puntos.

☐ – Ámbito local ou provincial: 5 puntos.

Neste criterio, soamente se terá en consideración o ámbito principal de actuación de maior importancia e que se desenvolva polo formato de liga ou similar.

2) Logros deportivos: valorarase a obtención de determinados resultados nas categorías absolutas e previa á absoluta (é a categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva anterior á categoría absoluta) en competicións oficiais, no ano anterior á convocatoria. No caso dos deportes individuais, valoraranse os logros dos deportistas que teñan licenza federativa polo club que presenta a solicitude.

a) Deportes colectivos:

a.1) (Escoller só unha opción)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

Cod. Validación: TD0EYQASPCRL3E7WS9TRR7
Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 20





Concello de Moaña

- ☐ – Campionato de España de clubs: 20 puntos.
- ☐ – Subcampionato de España de clubs: 18 puntos.
- ☐ – Campionato galego de clubs: 15 puntos.
- ☐ – Subcampionato de galego de clubs: 13 puntos.

a.2) (Escoller só unha opción)

- ☐ – Campionato do mundo de clubs: 10 puntos.
- ☐ – Subcampionato do mundo de clubs: 8 puntos.
- ☐ – Campionato europeo de clubs: 5 puntos.
- ☐ – Subcampionato europeo de clubs: 3 puntos.

b) Deportes individuais:

b.1) (Escoller só unha opción)

- ☐ – Campionato de España: 20 puntos.
- ☐ – Subcampionato de España: 18 puntos.
- ☐ – Campionato galego: 15 puntos.
- ☐ – Subcampionato galego: 13 puntos.

b.2) (Escoller só unha opción)

- ☐ – Campionato do mundo: 10 puntos.
- ☐ – Subcampionato do mundo: 8 puntos.
- ☐ – Campionato europeo: 5 puntos.
- ☐ – Subcampionato de europeo: 3 puntos.

3) Número de deportistas da entidade con recoñecemento vixente como deportista galego de alto nivel ou deportista de alto nivel, na data de publicación da convocatoria: 1 punto por deportista, ata un máximo de 5 puntos.

☐ – Indicar o número de deportistas da entidade con recoñecemento vixente como deportista galego/galega de alto nivel ou deportista de alto nivel.

C) Apoio á non discriminación: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con licenza federativa de ambos os sexos (xustificado mediante certificación da entidade):

Marcar o que corresponda:

- ☐ – Ter unha porcentaxe entre o 40-50 % de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 20 puntos.
- ☐ – Ter unha porcentaxe entre o 20-39 % de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 15 puntos.
- ☐ – Ter unha porcentaxe inferior ao 20 % de deportistas do sexo que menos licenzas formen parte do club: 10 puntos.

D) Apoio ao deporte adaptado: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con licenza federativa de deporte adaptado (xustificado mediante certificación da entidade):

☐ – Indicar o número de deportistas da entidade con licenza federativa de deporte adaptado na data de publicación da convocatoria: 1 punto por deportista, ata un máximo de 5 puntos.

E) Entidades deportivas que asuman os custes derivados das instalacións que utilizan (xustificado mediante facturas e xustificantes de pagamento).: 20 puntos.

Marcar o que proceda:

☐ – SI asume como entidade deportiva os custes de mantemento das instalacións nas que desenvolvan a súa actividade e acredita mediante a correspondente documentación xustificativa esta circunstancia.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

☐ – NON asume como entidade deportiva os custes de mantemento das instalacións nas que desenvolvan a súa actividade.

....., de de 20.....

Sinatura:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a., como Presidente/a da entidade e co visto e praxe do Secretario/a D./D^a.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que acepta as bases da presente convocatoria.
- 2.- Que non ten débedas pendentes de carácter tributario co Concello de Moaña.
- 3.- Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- 4.- Que temos actualizados os estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva
- 5.- Que non concorre en ningunha das prohibicións que lle impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 6.- Que a entidade asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- 7.- Que o importe das subvencións recibidas/solicitadas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas ou privadas:

☐ Non se me concedeu/Non solicitei ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

☐ Si se me concedeu/Si solicitei outra axuda para a mesma finalidade:

ACTIVIDADE	ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

..... de de 20.....

Sinatura:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

ANEXO IV

XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS ANO 2026

A.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL.....
CIF.....
ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....
TELÉFONO.....
E-MAIL.....

B.- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

APELIDOS.....
NOME.....NIF.....
CARGO QUE DESEMPEÑA NA ENTIDADE SOLICITANTE.....

C.- IMPORTE DA AXUDA QUE SOLICITA:

- 1.-Importe total do equipamento obxecto de subvención
2.-Importe da axuda concedida polo Concello de Moaña
segundo o proceso de resolución que recolle a **Base 15ª**.

	€
	€

D.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA QUE ACHEGA (BASE 20ª):

Relación clasificada dos gastos:

Nº FACTURA	PROVEEDOR	CIF	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO

___ Facturas xustificativas da adquisición dos equipamentos.

___ Xustificantes bancarios do pagamento das facturas.

___ Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Comunidade Autónoma (ATRIGA) e coa Seguridade Social.

___ Constancia, mediante fotografías, da publicidade da Concellería de deportes do Concello de Moaña nos equipamentos subvencionados.

___ Comunicación do importe das subvencións recibidas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas ou privadas:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

☐ Si se me concedeu outra axuda para a mesma finalidade:

ACTIVIDADE	ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Que todos os datos incorporados á presente xustificación axústanse a realidade, quedando enterada de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

....., dede 20.....

Sinatura:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

